

Circular informativa

Asunto: Prácticas Erasmus en empresas e institucións estranxeiras/ Prácticas curriculares

O obxecto desta circular é informar sobre o programa Erasmus Prácticas a todas as persoas e órganos dos Centros da Universidade de Vigo con competencias no eido das prácticas curriculares, para evitar calquera problema de coordinación que obstaculice o acceso a unha bolsa Erasmus Prácticas ao estudiantado interesado en realizar as súas prácticas curriculares nunha empresa ou institución Europea.

O programa Erasmus prácticas inscribíase dentro do *Lifelong Learning Programme* da UE. Este posibilita a estancia do alumno nunha empresa ou institución Europea durante un período mínimo de tres meses.

A universidade está obrigada a reconecer o período de prácticas Erasmus no expediente académico, preferentemente en créditos ECTS.

Para poder optar a unha bolsa do programa Erasmus prácticas

- O alumno/a debe estar matriculado na Universidade de Vigo nunha titulación oficial de licenciatura, diplomatura, enxeñaría, grao ou mestrado.
- O alumno/a debe ter superado o 50% dos créditos de que conste a titulación (este requisito non é aplicable para os alumnos de mestrado).
- Para concorrer á convocatoria é necesaria cunha carta de aceptación asinada por o tutor da empresa e un tutor da Universidade de Vigo.
- Non se pode ter gozado previamente dunha bolsa dos programas Leonardo da Vinci ou Argo.
- Ter o nivel de idioma requirido pola Empresa. Ademais, a Vicerreitoría de Relacións Internacionais comprobará que os bolseiros teñan un nivel mínimo de B1 no idioma de realización das prácticas, ou en inglés de se-lo caso, e organizará unas probas para que aqueles que non teñan certificado que permita acreditar o seu nivel.
- O período mínimo de estadía é 3 meses.
- O período elixible para realizar unha estadía comeza o día 1 de outubro do ano en curso e remata o día 30 de setembro do ano seguinte.

Unha vez realizada a selección pola Vicerreitoría de Relacións Internacionais da Universidade de Vigo, ésta ocupase da xestión dos documentos necesarios e de que os alumnos, presenten copia da tarxeta sanitaria europea, e subscriban un seguro de responsabilidade civil privada e accidentes.

A bolsa Erasmus Prácticas para o ano 2012-13 está dotada de 300€ mensuais, máis as axudas complementarias que poidan convocar outras institucións. Ate o momento, aportaban axudas complementarias o Ministerio de educación e a Xunta de Galicia. A bolsa Erasmus Prácticas é compatible coas gratificacións que de forma voluntaria aporte a empresa.

Na nosa páxina web

http://www.uvigo.es/uvigo_gl/administracion/ori/uvigo/erasmus_practicas.html

pódense atopar as anteriores convocatorias e os documentos necesarios para a tramitación da bolsa.


A primeira convocatoria foi publicada no mes de maio e xa está resolta. A Vicerreitoría de Relacións Internacionais publicará unha nova convocatoria no mes de setembro.

Agradecemos que distribúa esta información entre o persoal do seu centro e entre todos os alumnos interesados en realizar as prácticas curriculares por medio do programa Erasmus Prácticas. Estamos á súa disposición no enderezo electrónico internacional@uvigo.es para calquera aclaración ou información con respecto a este programa. Agradecemos que nos comuniquen calquera problema ou incompatibilidade que detecten para que os alumnos matriculados nas prácticas curriculares poidan acceder a unha bolsa Erasmus Prácticas, para que as teñamos en conta en futuras convocatorias.


Agradecendo de antemán a súa colaboración, reciba un cordial saúdo.

Vigo 23 de xullo de 2012

O Vicerreitor de Relacións Internacionais



Manuel J. Fernández Iglesias



A todos os Directores/as e Decanos/as de Centro
A todos os Responsables de Relacións Internacionais dos Centros
A todos os Coordinadores de Master